


Estimado/a Alcalde/Alcaldesa,

Como Concello, coas competencias en materia de Recadación de tributos e outros ingresos de dereito público delegadas na Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL, teño a ben informarlle que o Calendario Fiscal está SUSPENDIDO como consecuencia do estado de ALARMA decretado por RD 463/2020, de 14 de marzo, prorrogado polo RD 465/2020, de 17 de marzo, e que polo tanto se ven afectados todos os tributos e ingresos de dereito público que o seu Concello ten delegados.

Por elo, para garantir que esta información chegue as/os contribuíntes, achegamos a resolución desta Dirección de Xestión de Servizos do ORAL de data 17 de marzo de 2020 coa que se aprobou a SUSPENSION de dito calendario, para que sexa publicada nos taboleiro de anuncios dese Concello ademais de en aqueles soportes telemáticos que considere.

Destacar que nesa Resolución se incorporan ademais, os termos concretos da suspensión e o prazo temporal da mesma, ao ser o ORAL, en uso das competencias delegadas polo Pleno do seu Concello e de conformidade co establecido na Ordenanza fiscal xeral do Organo de xestión tributaria e recadación quen aprobou os períodos de cobro dos tributos e demais ingresos delegados.

Quedamos a súa disposición para calquera aclaración ao respecto, recomendándolle consultar ou trasladar calquera decisión que en material de recadación tributaria decidan acometer, para poder avaliar a súa incorporación ao novo calendario fiscal que o ORAL aprobará, dentro das súas competencias, nos 10 días seguintes ao levantamento do estado de alarma, garantindo así, a mellor das xestións para os contribuíntes.



Carlos López Font  
Deputado Delegado de Régime Interior, Economía,  
Facenda, Novas Tecnoloxías e ORAL

Pontevedra, 24 de marzo de 2020

Martes, 24 de marzo de 2020

Núm. 57

## ADMINISTRACIÓN LOCAL PROVINCIAL DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS DELEGADOS POLOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES DELEGANTES NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA MINIMIZAR O IMPACTO FISCAL DERIVADO DO ESTADO DE ALARMA DECRETADO NO ENTORNO DA CRISE COVID19*

#### RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN

**ASUNTO: MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS DELEGADOS POLOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES DELEGANTES NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA MINIMIZAR O IMPACTO FISCAL DERIVADO DO ESTADO DE ALARMA DECRETADO NO ENTORNO DA CRISE SANITARIA OCASIONADA  
POLO COVID-19**

O Goberno de España mediante RD 463/2020, de data 14 de marzo declarou o estado de alarma en todo o territorio estatal para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, previamente a Organización mundial da Saúde, tiña declarado o brote de SARS-COV-2 como pandemia.

O Decreto estatal 463/2020 foi modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo.

Á vista desta situación extraordinaria, a presidencia da Deputación ditou diversos decretos urxentes entre os que contempla o peche da atención presencial das oficinas do ORAL, reforzándose a atención telefónica e continuando activa a oficina virtual existente e a xeneralización do teletraballo domiciliario da maior parte do persoal do mesmo.

Á vista de que o RD Lei 8/2020 de 17 de marzo establece medidas urxentes e extraordinarias para fazer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 atendendo as graves consecuencias que a crise sanitaria global transmite tanto a actividade produtiva como a demanda e ao benestar dos cidadáns.

Tendo en conta que esta forte crise sanitaria supón un grande impacto económico negativo en tódolos ámbitos sectoriais da economía, afectando a un gran número de persoas da provincia de Pontevedra, a Presidencia da Deputación, en uso das competencias establecidas no artigo 34 da LBRL e na disposición final primeira da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) entendeu necesario a aplicación de medidas extraordinarias no ámbito da aplicación dos tributos e demais ingresos de dereito público cuxa xestión estivese delegada nesta Deputación polos diferentes concellos da provincia e outros entes públicos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

https://sede.depo.gal  
Código QR para comprobar la verificación. DIFERENCIAM21Y120



Martes, 24 de marzo de 2020

Núm. 57

Estas medidas extraordinarias teñen como obxectivo minimizar o impacto fiscal facilitando con iso a recuperación da normalidade a medida que a crise sanitaria se minore, e consisten na prorroga do período de pagamento en voluntaria das taxas correspondentes a diversos concellos que finalizaban o dia 6 de abril de 2020, así como deixar en suspenso os períodos de pagamento en voluntaria do resto de tributos que se recollen na resolución da directora do ORAL de data 2 de xaneiro de 2020 (BOP nº 8, de 14 de xaneiro de 2020), fixando un novo calendario fiscal unha vez perda vixencia o estado de alarma antes mencionado.

Formulada consulta co servizo de recadación, enténdese viable a proposta que mas abaxo figura.

Polo exposto e á vista do establecido no RD Lei 8/2020 de 17 de marzo, no artigo 79 e 23 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) da Deputación de Pontevedra, así como na Resolución da Directora do ORAL de 2 de xaneiro de 2020, de conformidade coas directrices manifestadas pola Presidencia da Deputación en orde as súas competencias establecidas no artigo 34 da LRBRL e na disposición final primeira da Ordenanza fiscal antes nomeada, esta Directora, en virtude das competencias establecidas na Base 7 bis das de execución do orzamento do 2020 da Deputación e na Resolución da Presidencia núm. 24866 de data 27 de decembro de 2018,

### *RESOLVE*

Prorrogar o prazo de pago en voluntaria das débedas tributarias correspondentes ás taxas actualmente ao cobro correspondentes aos concellos de ARBO, BARRO, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, A CAÑIZA, CATOIRA, CERDEDO-COTOBADE, COVELO, CRECENTE, CUNTIS DOZÓN, A ESTRADA, AGOLADA, LALÍN, MEIS, MOAÑA, MONDARIZ, MORAÑA, AS NEVES, OIA, PAZOS DE BORBÉN, O PORRIÑO, POIO, PONTEAREAS, PORTAS, RODEIRO, O ROSAL, SANXENXO, SILLEDA, SOUTOMAIOR, TUI, VALGA e VILANOVA DE AROUSA.

A prórroga estará vixente durante a integridade do prazo temporal de vixencia do estado de alarma establecido no RD 463/2020 e modificado polo RD 465/2020 de 17 de marzo, que afecta a todo territorio estatal e que foi decretado para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Establecer o prazo máximo improrrogable de 10 días posteriores aos da perda de vixencia do estado de alarma para resolver e proceder á publicación da finalización do período de pago en voluntaria de ditas taxas.

Deixar sen efecto e en SUSPENSO os prazos de pago que constan no calendario fiscal, ao que se refire o artigo 23 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión e recadación de recursos locais (ORAL) da Deputación de Pontevedra, aprobado por Resolución de data 2 de xaneiro de 2020 (BOP nº 8 de 14 de xaneiro de 2020). Esta suspensión se establece durante a integridade do prazo de vixencia do estado de alarma establecido no RD 463/2020 e modificado polo RD 465/2020 de 17 de marzo que afecta a todo territorio estatal e que foi decretado para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.



Martes, 24 de marzo de 2020

Núm. 57

Establecer o prazo máximo improrrogable de 10 días posteriores ao da perda de vixencia do estado de alarma para resolver e proceder a publicación do calendario definitivo do ano 2020, dos períodos voluntarios de cobro da integridade de débedas de vencimento periódico e notificación colectiva dos tributos cuxa xestión e recadación fose delegada nesta Deputación provincial polos diferentes concellos e outros entes públicos.

A cobranza se fixará en todo caso, dentro dos prazos establecidos no artigo 23 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) da Deputación de Pontevedra.

Proceder á súa difusión mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a súa remisión ós concellos e demais entes delegantes e á comunicación a través de medios telemáticos (Web-ORAL), así como a publicación do presente acordo no portal de transparencia da Deputación de Pontevedra, para xeral coñecemento dos particulares.

Pontevedra, 17 de marzo de 2020.

A directora de servicios do ORAL,

*Inmaculada Viña Carregal*

Pode verificar a integridade desse documento no seguinte endereço:

<https://sede.depo.gal>

